

Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO E RÍAS BAIXAS 2017-2019.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente prego é definir as condicións técnicas que rexerán a prestación da promoción turística de Vigo e das Rías Baixas en mercados turísticos vencellados ca área mediterránea peninsular e insular, co obxectivo de atraer turistas procedentes destes mercados, a través de:

- O establecemento de conectividade aérea directa desde Valencia, Palma de Mallorca e Ibiza coa cidade de Vigo.
- O desenvolvemento de accións de promoción turística.

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

2. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS E DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS

As estratexias de promoción turística de Vigo e as Rías Baixas nos mercados turísticos vinculados coas operacións das rutas Vigo-Valencia, Vigo-Palma de Mallorca e Vigo-Ibiza, é dicir no mercado turístico mediterráneo peninsular e insular español, deben implementarse na procura da atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, cultural, familiar, xuvenil, gastronómico, de eventos e reunións.

Entre as diferentes accións posibles, resultan de especial interese, aquelas que permitan proxectar o nome de Vigo e as Rías Baixas e as súas marcas turísticas en máis dun destino a través das aeronaves e medios de comunicación das aerolíneas, así como entre toda a pasaxe que viaxe nas ditas aeronaves e cantos lean a información contida en revistas, flyers e páxina web da compañía aérea adxudicataria.



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



3. CONDICIÓN MÍNIMAS PARA A PRESTACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA:

As accións de promoción turística de Vigo e Rías Baixas, que deberán desenvolver os licitadores consistirán como mínimo en:

3.1.- VINILADO DA FUSELAXE: O licitador deberá ofertar para toda a vixencia do contrato un mínimo dun avión vinilado. Dito vinilado deberá corresponderse cunha imaxe de promoción turística de Vigo e as Rías Baixas.

O licitador deberá entregar unha proposta gráfica da área do vinilado, con indicación das proporcións expresadas en centímetros e indicar o número de avións a vinilar. Estes avións non teñen por que estar adscritos en exclusiva ás rutas conectadas con Vigo.

A imaxe de promoción turística de Vigo e Rías Baixas se facilitará dende o departamento de Turismo do Concello, nunha proporción visual que permita facilmente a súa identificación.

Os custes desta acción correrán a cargo da empresa adxudicataria.

3.2.- ACTUACIÓNS DE COMUNICACIÓN: O licitador deberá ofertar para o desenvolvemento das accións de promoción turística unha proposta de actuacións de comunicación para promover o destino Vigo e Rías Baixas, nos destinos vinculados ao obxecto do contrato que deberá atender como mínimo os seguintes ámbitos de promoción:

3.2.1.- Accións a Bordo:

Deberán ofertarse ao menos 2 accións de entre os 3 parágrafos propostos. O custe destas accións correrán a cargo da empresa adxudicataria.

a.- Voces de promoción en voos.

Os licitadores deberán presentar proposta da mensaxe de promoción en voos que levará a cabo nun mínimo de 5 avións por un período non inferior ao 50% do tempo das operacións das rutas establecidas neste prego, podendo este ser ampliado en cuxo caso se terá en conta na súa valoración.

b.- Revistas de a bordo ou distribución de folletos.

Inclusión del destino Vigo ou Rias Baixas, nun mínimo de 1 portada e 2 reportaxes na primeira anualidade do contrato e 2 portadas e 2 reportaxes na segunda e na terceira



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



anualidade do contrato, sendo alo menos unha delas no período estival. Esta acción deberá desenvolverse nas revistas propias de a bordo.

En caso de non ter revista, esta acción poderá substituíse pola elaboración e **entrega de folletos** promocionais da cidade de Vigo e as Rías Baixas, para distribuír dentro dos avións, por conta do adxudicatario, cunha tirada mínima de 20.000 folletos promocionais para cada unha das anualidades, a distribuír nas datas que se considere mais adecuadas o Concello de Vigo para a promoción turística.

En ambos caso o material (fotografías, textos) será facilitado polo Concello de Vigo, si ben a montaxe, edición, impresión e outros custes derivados da actividade correrán a cargo do adxudicatario, que as realizará previa aprobación do Concello de Vigo.

Os licitadores deberán presentar na súa oferta proposta detallada.

c.- Utilización como soportes publicitarios dentro do avión.

O licitador deberá de ofertar como mínimo 2 soportes entre os 3 que definen neste apartado:

c.1.- Utilización dos compartimentos de equipaxe nun mínimo de 5 avións por un período non inferior a un mes na segunda e na terceira anualidade do contrato, podendo este ser ampliado en cuxo caso se terá en conta na súa valoración.

c.2.-Utilización dos cabeceiros dos asentos nun mínimo de 5 avións por un período non inferior a un mes na segunda e na terceira anualidade do contrato, podendo este ser ampliado en cuxo caso se terá en conta na súa valoración.

c.3.-Utilización de elementos de maiordomía (servilletas, toallíñas, posavazos, manteis) nun mínimo de 5 avións por un período non inferior a un mes na segunda e na terceira anualidade do contrato, podendo este ser ampliado en cuxo caso se terá en conta na súa valoración.

Os materiais serán facilitados polo Concello de Vigo, si ben a edición, montaxe, impresión e outros custes derivados da actividade correrán a cargo do adxudicatario, que realizará previa aprobación do Concello de Vigo.

3.2.2.- Accións online:

Deberán ofertarse alo menos 3 accións de entre as 4 seguintes:

- Envío de alo menos **5 newsletters online** sobre o destino Vigo e as Rías Baixas, en cada unha das anualidades do contrato, a unha base de datos dun mínimo de 20.000 contactos.
- Publicidade do destino Vigo e as Rías Baixas mediante a inclusión de alo menos **1 banner** destacado o Microsite ou anuncios específicos nas “homepage” da compañía durante toda a duración do contrato.



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



- c) **Ligazóns web** coa páxina de turismodevigo.org e turismoriasbaixas.com. Durante toda a duración do contrato, que poderán ser substitutas por campañas específicas indicadas polo Concello de Vigo.
- d) Utilización das **redes sociais** para dar a coñecer o destino Vigo e Rías Baixas, mediante un mínimo de 4 publicacións ou impactos na primeira anualidade do contrato e 12 na segunda e na terceira anualidade do contrato.

Os materiais serán facilitados polo Concello de Vigo, si ben a edición, montaxe, impresión e outros custes derivados da actividade correrán a cargo do adxudicatario, que realizará baixo a previa aprobación do Concello de Vigo.

3.2.3.- **Accións offline:**

O licitador deberá de ofertar como mínimo 4 accións de entre as 5 propostas indicadas a continuación:

- a) Realización de **3 roldas de prensa**, unha por cada anualidade, de presentación dos destinos Vigo e Rías Baixas, vinculados ao obxecto do contrato para a consecución da promoción turística, así como as accións organizativas derivadas das mesmas; nota de prensa dirixida especificamente a cada un dos destinos obxecto do contrato, accións promocionais, etc.
- b) Organización dun mínimo de **1 viaxe de familiarización** (Presstrip ou Famtrip) dirixida a dar a coñecer o destino Vigo e Rías Baixas entre alo menos 4 medios de comunicación.
A viaxe deberá realizarse na primeira anualidade do contrato e os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento correrán a cargo do adxudicatario. A proposta deberá incluír unha lista dos medios de comunicación eventualmente convidados a participar na mesma.
- c) Realización dun mínimo **dunha acción de street marketing** na primeira e segunda anualidade do contrato co obxecto de dar a coñecer o destino Vigo e Rías Baixas mediante o uso das redes sociais.
A proposta debe indicar o tipo de acción e datas propostas para a realización das mesmas así como o número de billetes a sortear e a metodoloxía e empregar (Xogo de pistas, convocatoria en redes sociais, etc)
- d) Realización dun mínimo dun **sorteo en medios** de Comunicación da Comunidade Valenciana e Balear na primeira e na segunda anualidade do contrato co obxecto de dar a coñecer o destino Vigo e Rías Baixas.
A proposta deberá indicar o tipo de acción de datas propostas para a realización das mesmas así como o número de billetes a sortear e a metodoloxía a empregar



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



(sorteos en antena, uso de cupóns, etc) . Os contidos das accións deberán por en valor o destino Vigo e Rías Baixas.

- e) Establecemento dunha **bolsa de billetes**, mínimo de 25 return tickets á disposición do Concello de Vigo, para o apoio e xestión da promoción turística de Vigo ao longo do período de duración do contrato.

En todo caso o adxudicatario deberá respectar o manual de identidade corporativa do Concello de Vigo e de Rías Baixas e todas as aplicacións e accións de promoción que realice.

Os licitadores deberán adxuntar ás propostas, un cronograma de execución das actuacións de promoción, no que se indicará expresamente o período necesario para a súa execución tras a aprobación das mesmas polo Concello de Vigo.

O adxudicatario correrá con todos os custes que se deriven das accións offline.

4. CONDICIÓNS MÍNIMAS PARA A DETERMINACIÓN DOS DESTINOS DA PROMOCIÓN TURÍSTICA:

As rutas aéreas deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:

- **VIGO-VALENCIA-VIGO:** Cunha frecuencia mínima de 2 voos semanais, de ida e volta, operará durante un mínimo de 15 semanas na primeira anualidade e 20 semanas na segunda e terceira anualidade.
- **VIGO-PALMA DE MALLORCA-VIGO:** Cunha frecuencia mínima de de 2 voos semanais, de ida e volta, operará durante un mínimo de 6 semanas, abarcando do mes de xullo a setembro, ambos incluídos.
- **VIGO-IBIZA-VIGO:** Cunha frecuencia mínima de de 2 voos semanais, de ida e volta, operará durante un mínimo de 6 semanas, abarcando do mes de xullo a setembro, ambos incluídos.

Todas as rutas ofertadas terán que manterse, unha vez abertas, durante todo o período de vixencia do contrato. En caso de que por causas alleas ao contrato, e xustificadas axeitadamente polo contratista, fose conveniente a substitución dunha ruta por outra equivalente, deberá modificar o contrato conforme co previsto no PCAP.

5. EXECUCIÓN DAS ACCIÓNIS DE PROMOCIÓN



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



5.1 Cronograma de execución.

Os licitadores incluírán, no Plan de organización das accións de promoción, un **cronograma de execución** das actuacións de promoción propostas.

No prazo de un mes dende a formalización do contrato a Concello de Vigo deberá aprobar este cronograma, podendo realizar axustes no mesmo de conformidade co contratista.

5.2 Aprobación das accións de promoción polo Concello de Vigo

Todas as accións de promoción do contrato deberán de ser aprobadas pola Concellería de Turismo do Concello de Vigo, tanto nos seus aspectos formais (deseño, formato, tamaños, textos e imaxe) como nas ideas gráficas e creativas, previamente a súa edición, posta en marcha ou impresión.

O contratista presentará as propostas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo cunha antelación mínima de 30 días sobre a data prevista de posta en marcha.

En todo caso o adxudicatario deberá respectar o manual de identidade corporativa de turismo de Vigo e de Rías Baixas en todas as aplicacións e accións de promoción que realice.

5.3 Custes das accións de promoción

Todos os custes derivados das accións de promoción desenvolvidas no marco deste contrato correrán a cargo da empresa adxudicataria.

6. PROPIEDAD INTELECTUAL

O contratista acepta expresamente que, en virtude do presente contrato, todos os dereitos de explotación e a titularidade dos produtos realizados corresponden só ao Concello de Vigo. Ademais, o Concello de Vigo poderá reproducir, publicar e divulgar, parcial ou totalmente, todos os informes, resultados e produtos, sen que poida opoñerse a empresa adxudicataria e/ou os autores materiais dos traballos.

7. PROTECCIÓN DE DATOS.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en todo o que sexa de aplicación ao presente prego, conforme ao disposto nas normas que se relacionan a continuación:

Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal. Real decreto 994/1999 de 11 de xuño polo que se aproba a lexislación de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.



Servizo de Turismo

CONCELLERÍA
DE
FESTAS E TURISMO

CONCELLO
DE VIGO



Disposicións de desenvolvemento das normas anteriores en materia de protección de datos que se atopen en vigor no momento de adxudicación de este contrato ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

8. COORDINACIÓN DO CONTRATO

O contratista designará un delegado que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello de Vigo e velará pola correcta execución das prestacións obxecto de contrato, e a través do cal se canalizarán as posibles incidencias que xurdan na execución. Salvo casos excepcionais debidamente xustificados, o responsable municipal do contrato unicamente manterá relación por razón da execución deste co delegado da empresa, sen prexuízo da debida relación de cordialidade e colaboración co resto do persoal do adxudicatario no desenvolvemento do seu traballo.

9. OBRIGA DE FACILITAR INFORMACIÓN

O adxudicatario deberá elaborar informes trimestrais sobre todos os aspectos relativos á execución do contrato, que presentará con anterioridade á presentación da correspondente factura trimestral.

O Concello de Vigo poderá requirir á empresa adxudicataria, en calquera momento que complete ou amplíe estes informes ou ben a realización doutros informes complementarios se fose necesario para o mellor seguimento do contrato, así como da documentación que precise para dispoñer dun pleno coñecemento das circunstancias en que se desenvolve o traballo, e para resolver os eventuais problemas que poidan suscitarse na execución.

Un mes antes da finalización do contrato deberá presentar unha memoria final sobre os resultados de execución do contrato durante todo o período contractual.

Vigo, a data da sinatura dixital.

A técnica de Turismo

Asdo. Fátima Dueñas

Conforme,

A Concelleira Delegada da Área de Festa e Turismo

Asdo.: Ana Laura Iglesias González



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 29/03/2017 08:50

Páxina 7 de 7

Aprobado en Xunta de Goberno do 24/03/2017

Código de verificación: 24EB4-52C54-4E4D5-CB5DD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>